



PLAN DIXITAL

CEP PLURILINGÜE SALUSTIANO REY EIRAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome:** COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA PLURILINGÜE SALUSTIANO REY EIRAS,
- **dirección:** BANDASECA S/N 15940 A POBRA DO CARAMIÑAL (A CORUÑA),
- **Teléfono:** 881866847
- **Código:** 15013199
- **CIF:** Q6555723C
- **correo:** cep.salustiano.rey.eiras@edu.xunta.gal,
- **páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepsalustianoreyeiras/>
- **aula virtual:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepsalustianoreyeiras/aulavirtual/>
- **etapa educativa:** Educación Primaria
- **Unidades** curso 2022/23: 13
- **nº de alumnado:** 265
- **profesorado** 26
- **Horario:** xornada única coa tarde dos luns, Horario de mañá: 9:10-13:50 h; horario luns tarde: 15:45-17:25 h. Horario atención pais/nais, luns de 17:30 h. a 18:30 h.
- **Comedor** de catering, mais concorrido os luns que hai clase pola tarde.
- **Oferta de servizo de madrugadores** desde as 7:00
- **Biblioteca** aberta polas tardes de 16:00 a 18:00 h. de martes a venres.
- **UBICACIÓN:** O centro está situado no lugar de Bandaseca, na parroquia do Xobre, na saída do casco urbano a carón da estrada cara Ribeira. É unha zona ampla e verde a carón dunha xunqueira que conta cun paseo perimetral que bordea o patio. Tamén atopamos a piscina municipal xunto ao centro. Situado extrarradio do casco urbano, fai case 2/3 do alumnado sexan transportados en bus ata o centro, e outros moitos accedan en coches particulares, polo que a organización das entradas e saídas, especialmente en días de chuvia é dificultosa pola aglomeración na entrada principal. Tamén o acceso ao centro é a través da estrada comarcal Padrón-Ribeira, que entraña sempre un risco para o alumnado.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Os edificios están rodeados por un amplo patio escolar, e desde o portalón de entrada ata os edificios hai unha distancia de case 100 metros., atopando a o lado esquerdo, segundo entras un espazo verde e as pistas polideportivas e pavillón cuberto, para chegar ata o edificio principal, o máis antigo, onde se sitúan a maioría das aulas e dependencias e, a carón deste, pero separado uns metros, está o edificio pequeno (máis recente) e con aulario onde se sitúamos os primeiros e segundos. Entre estes dous edificios temos o comedor escolar e detrás do pequeno un parque infantil.

Características socioeconómicas e culturais das familias e do alumnado

Os datos mais recentes son referidos as enquisas que se realizaron a toda comunidade educativa no curso 2014/15 cando elaboramos o Plan de Convivencia. Extrapolando eses resultados e tendo en conta os cambios producidos pola pandemia temos a seguintes características .

Atopámonos nunha vila mariñeira, cunha clara diferenza entre zona urbana e periferia rural que, nos últimos anos, está bastante urbanizada. Un número importante das familias traballan por conta allea destacando o sector industrial dependente das conserveiras da localidade e o sector servizos.

Un 94% das familias viven cos seus fillos durante a semana. A característica da vivenda maioritaria é en propiedade nun 81%.

O nivel de estudos das familias é diverso, a maioría ten estudos primarios e secundarios. A maioría das familias teñen acceso a internet e contan na súa casa con dispositivos dixitais (pc fixo, portatil ou tablet) polo que a comunicación co centro e para a realización das tarefas dixitais non é un problema. A competencia dixital das familias aumentou moitísimo desde a pandemia.

As relacións cos pais/nais é moi boa e a maioría das familias se preocupa polo traballo na escola. Un 70% adica entre unha e dúas horas ó traballo escolar na súa casa. 2/3 do alumnado ten un cuarto como lugar de estudo habitual, e soen axudarlles en casa para a realización de tarefas e traballos. Un número importante deles tamén acude a clases particulares. A maioría das amizades son de alumnado do centro e veñen a actividades extraescolares do centro, do concello ou de entidades deportivas de localidade (fútbol, baloncesto, patinaxe, atletismo,...) e culturais (teatro, ballet, informática, robótica,..)

As familias manifestan que teñen unha boa relación co centro e que a comunicación co profesorado é fluída, ademais, salvo contadas excepcións a resposta ante calquer problema de conduta ou convivencia é positiva.

O persoal docente do colexio fórmano 26 profesores, dos que a maioría son mulleres. Practicamente todo o profesorado do catálogo é definitivo. Un 93 % está en situación definitiva e leva traballando no centro mais de 10 anos. É un claustro moi estable. A metade considera boa a súa relación cos demais sectores da comunidade educativa. Un 62,5% adapta sempre a súa proposta docente ás necesidades educativas do alumnado. A maioría emprega indistintamente o galego e o castelán. O centro conta cun departamento de orientación.

O Proxecto Dixital ven a ordenar aspectos que quedaban desligados ata agora. Como un plan de comunicación interna e externa e reorientar apectos como a infraestrutura dixital do centro ou a integración dos diversos proxectos que se levan no centro.

A traxectoria do centro en canto a incorporación das **tecnoloxías** sempre foi importante. O centro ten unha infraestrutura de comunicación dixital importante, con todas aulas dixitalizadas, contan con conexión a internet, encerados dixitais e proxector e ordenador para o profesor. O centro estivo desde o primeiro momento no proxecto **Abalar** en 5º e 6º, onde fixemos unha inversión importante nas infraestructuras dixitais. Contamos cun **aula de informática** con 21 postos desde o ano 2000. Actualmente estamos **no proxecto edixgal** en 5º e 6º, xa ingresamos na primeira convocatoria, no curso **2014/15**, pero entón había bastantes deficiencias polo que terminamos

saindo tres cursos despois. Coa mellora da concetividade e do impulso que lle deron tanto as conexións como á mellora dos libros dixitais, decidimos reincorporarnos no curso 2020/21.

Linguas estranxeiras: É outra das apostas do centro que leva desde o curso 2007/08 impartindo **seccións bilingües** na área de plástica (tamén algún curso se realizou na área de coñecemento do medio) cunha amplísima aceptación, todo o alumnado participou nas seccións bilingües durante todos estes cursos. Con este nivel de aceptación, decidimos o curso 21/22 convertirmos en centro plurilingüe. As metodoloxías do ensino das linguas integran sempre as novas tecnoloxías, é fundamental a interacción dixital: internet, videos, audicións,....

Outro pilar fundamental do centro é a **biblioteca**. Desde 2012 estamos no **PLAMBE (plan de mellora de bibliotecas escolares)**, que supuxo unha renovación tanto do espazo físico como coa adquisición de fondos e a introdución das novas tecnoloxías: informatización dos fondos a través do programa Meiga, a formación de axudantes de biblioteca que xestionan os préstamos, as presentacións dixitais, creación de videos, a creación de blog de biblioteca, ordenadores con conexión na biblioteca... son algunhas das actividades relacionadas coas novas tecnoloxías desde a biblioteca.

Relacionado coas tecnoloxías e a biblioteca estamos no **Plan ELBE e Plan LIA**, Ademais da lectura tradicional en papel que se procura coa participación no PLAMBE, impulsamos a lectura en diferentes dispositivos dixitais. Ademais no centro posuímos varios **e-readers e tablets** adicadas á lectura.

Outros proxectos nos que está implicado o centro é a participación en **Voz Natura** na que levamos desde a súa primeira edición traballando sobre todo o horto e invernadoiro escolar. Todos os anos participamos dentro do **plan proxecta**, no 21/22 estamos inmersos dentro do proxecto "**Vexo, Veo Xacobeo**", pero no pasado estivemos varios curso dentro do reparto de **froita fresca** e promoción da alimentación saúdable, onde os alumnos fixeron proxectos a través das novas tecnoloxías (videos de froita), participamos dentro do proxecto "**Nós tamen creamos**" no que se fixo un pequeno corto de animación. Outros cursos participamos integrando a Educación física e as ciencias en "**Máis e mellor EF**", outros proxecta como "**protexe aos animais**", de todos estes proxectos temos diferentes blogs divulgativos das actividades que se realizan. Durante moitos anos, desde a área de EF participouse no programa de deporte escolar, sobre todo nas disciplinas de atletismo, promocionando o acceso dunha gran maioría do alumnado ao deporte (contabamos cun vlog onde difundíamos a participación do alumnado: fotos, clasificacións, eventos,...). A participación en carreiras chegou a máis de 150 alumnos do centro, chegando a participar en campionatos galegos con máis de 30 (equipos de todas as categorías). Ademais favoreceuse o realización de recreos activos: ligas femininas e mixtas de fútbol, baloncesto, voley (adaptado) en colaboración co concello.

Por último, dentro dos programas educativos o centro participa no plan **PROA** desde o curso 2014/15, contando con profesorado de apoio para alumnado con falta de recursos e como unha forma de adherirse a recursos que propicien un maior rendemento escolar. Actualmente estes programas están incluídos dentro da estratexia da consellería dos programas ARCO para 4º e 5º e PROA+ para 6º.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- **LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**
 - .1. Art. 111 bis, que recolle a identificación dos sistemas de información tanto para a xestión académica como administrativa. Determina o emprego de entornos virtuais seguros para a aprendizaxe e sistemas de soporte dixital con garantía de uso. Facilitase o desenvolvemento dunha cultura dixital na aula.
 - .2. Art. 121: fala do proxecto educativo do centro e da publicidade con obxecto de facilitar o seu coñecemento pola comunidade educativa
 - .3. Art. 132 que indica que entre as funcións da dirección é a de promover a innovación educativa e a aprobación de proxecto (como este).
- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 , no que se indica que os centros elaborarán ó longo do curso 21/22 o plan dixital.**
- **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022**

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

En outubro conformouse o equipo para a elaboración do Plan dixital como grupo de traballo dentro dun PFPP no centro, era unha liña de formación obrigatoria. Compoñentes: José Delgado (coordinador), Marian Ayaso, Victorino Palacios e Chus Gómez. Desde o CFR informaron que está liña ía estar titorizada por uns mentores que se encargarían de dirixir o traballo. Organizouse a través dun Aula Virtual na que estaba matriculado o coordinador que se encargaba de transmitir o traballo ao grupo, descargar a documentación e subir as tarefas. O mentor encargado de zona foi Felix Pimentel Tubío.

No mes de novembro e decembro realizouse o test SELFIE que tivemos que repetilo no mes de xaneiro/febreiro porque a representatividade do profesorado non alcanzaba o mínimo esixido. No mes de febreiro realizouse tamén o test de Competencia Dixital Docente (CDD). En marzo e abril decidiuse realizar dúas sesións formativas por parte dos mentores para a organización do traballo do Plan Dixital. Con datos dos test organizouse un DAFO que foi o punto de partida para a redacción do Plan de acción e da redacción definitiva do plan dixital. Todo este traballo foi monitorizado e corrixido polos mentores de zona.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUTURA DIXITAL DO CENTRO

Conectividade do centro:

O centro esta configurado coa rede da Consellería a través de fibra óptica que está servida pola empresa Telefónica. Durante o o curso 21/22 realizáronse **traballos de actualización da rede** de xeito que se instalou todas aulas e salas do centro esta colocada unha roseta física para a conexión por cable. Tamén colocaron routers para a conexión sen fíos na maioría das aulas. Neste momento temos cobertura en todo o centro. Realizaron unha **substitución do armario do rack**. Ademais hai outros dous armarios secundarios:

- No edificio pequeno
- Na aula de informática no 2º andar do edificio principal.

A conexión tamén se realiza a través do programa "Escuelas Conectadas" (pertence a Orange) que conecta unha antena situada no exterior do edificio por radiofrecuencia ao repetidor da Curota.

As aulas do 3º andar do edificio principal son **aulas EDIXGAL**.

O centro dispón de liñas telefónicas instaladas:

881866847 -a central, situada na secretaría do centro.

881866846- dirección

881866845 – conserxería

881866848 – orientación

881866849 – edificio pequeno.

Dispoñemos tamén de cámaras de vixianza activas cando está o centro pechado:

- CAM1: Entrada do edificio principal
- CAM2: ANDAR 1º edificio principal
- CAM3: biblioteca
- CAM4: entrada edificio pequeno
- CAM5: pavillón cuberto
- CAM6: pavillón cuberto
- CAM7: parque infantil

EQUIPAMENTO CENTRO

O equipamento informático do centro está recollido no **inventario** realizado e actualizado polo equipo TIC.

O material informático, en parte, é subministrado pola Consellería e, en parte, de adquisición propia do centro.

Practicamente todas as aulas están dixitalizadas: contan con proxector, encerado dixital e un ordenador (fixo ou portatil). Todo o profesorado ten asignado un ordenador.

Hai ordenadores en administración, salas de profesores, biblioteca (tres para alumnado e 3 para xestión-prestamo).

Existe un aula de informática con 21 pc's

As aulas de 5º e 6º son aulas con equipamento edixgal. Todo alumnado de 5º e 6º ten asignado un ultraportatil (cursos 20/21 e 21/22), Temos aínda os ultraportátiles do proxecto Abalar, non funcionan moi ben, pero permiten ser utilizados polo alumnado de 4º nivel.

Equipamento. Taboa resumo

<i>sobremesa</i>	<i>42</i>	<i>administración</i>	<i>7</i>	
		<i>Sala profesores 1</i>	<i>3</i>	
		<i>Sala profesores 2</i>	<i>2</i>	
		<i>aulas</i>	<i>6</i>	
		<i>Aula informática</i>	<i>21</i>	
		<i>Biblioteca</i>	<i>3</i>	
<i>portátiles</i>	<i>44</i>	<i>profesorado</i>	<i>41</i>	<i>En biblioteca 3</i>
<i>Ultraportátiles edixgal</i>	<i>106</i>	<i>alumnado</i>		
<i>Encerados dixitais</i>	<i>21</i>			
<i>proxectores</i>	<i>27</i>			
<i>tablets</i>	<i>17</i>			
<i>e-readers</i>	<i>15</i>			
<i>Fotocopiadoras</i>	<i>3</i>			
<i>impresoras</i>	<i>2</i>			

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS:

- *paxina web*
- *aula virtual*
- *EDIXGAL*
- *Espazo abalar Abalarmobil*
- *Blogs educativos: normalización, medioambiente, plurilingüe*
- *Outras: facebook*

XESTIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO

O mantemento do equipamento do centro se realiza a través dunha taboa de incidencias que ten a disposición o profesorado. Cando son cousas moi básicas (conectar un pc, descargar un software,...) sempre hai profesorado que o realiza; si hai que realizar a substitución dun proxector, por exemplo, encargase o conserxe. En pequenas obras de cableado o centro ponse en contacto cunha empresa eléctrica da localidade.

No caso do mantemento do equipamento da consellería, sobre todo ordenadores, ben do profesorado ou do alumnado se tramita a través de incidencias ben a UAC (881997701 – uac@edu.xunta.gal) e ao servizo premium de edixgal(881869900 -soporte.premium@edu.xunta.es). Para a xestión do resto do equipamento: ordenadores, encerados dixitais, proxectores (calibración, software, posta a punto, substitución de discos duros, formateados,...) temos un acordo cunha empresa privada de mantemento: DISMEDIA.

A maquinas fotocopiadoras o mantemento se realiza coa empresa fabricante das máquinas: Xerox.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: *Pode ser interesante incluír a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:*

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,6
	Alumnado	3,7
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	4,5
D- Desenvolvemento profesional	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,3
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de	Equipo Direct.	3,1

avaliación	Profesorado	3,0
	Alumnado	
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,4
	Alumnado	4,2

Participación profesorado: 54% (13/24), dirección: 100% (3/3), alumnado: 67% (71/106)

Test CDD: Pódese incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no Test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado: total de participación 17/27 63%

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	21	61,9%
PROVISIONAL	3	4	75%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI	79	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	35,3%
B1	7	41,2%
B2	3	17,6%
C1	1	5,9%
C2		
TOTAL	17	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dotación en todas aulas encerado dixital, cañón e pc profesor Mellora na rede Aula de informática: 20 pc Adquisición de robots para diferentes niveis Dotación de tablets e e-readers para aulas (do centro)	Equipos informáticos anticuados (bastantes na aula informática) Ausencia aula para realización de eventos de gran grupo: Reunións cos pais, festivais, ponencias,...
	PERSOAL DOCENTE	Claustro participativo. Definitivos na maioría Rede edixgal.	Maioría de profesorado con nivel básico de competencia Falta de traballo colaborativo nas TIC Falta debate sobre a utilización de tecnoloxías.
	PERSOAL NON DOCENTE	Utilización das novas tecnoloxías por auxiliar administrativo, aux. Coidadora e aux. Conversa	
	ALUMNADO	Alumnado receptivo e comprometido cos cambios metodolóxicos propiciados polas TIC Rede Edixgal Niveis baixos con baixa ratio	Pouca avaliación dixital do alumnado Algun nivel con ratios elevadas
	FAMILIAS	Implicación da ANPA Comunicación dixital coas familias casi todas teñen acceso internet	Familias con moi pouca competencia dixital
	OFERTA	Participación en proxectos dixitais e programas de innovación (proxecta, voz natura,...) Oferta ANPA actividades de informática e robótica. Centro plurilingüe na area de plástica (tambien seccións biblingües-plastica)	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Falta dun plan de actuación consensuado

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Mellora da rede do centro: instalación armario rack, rostas, mellora wifi,... Mellora na dotación de material informático: pc edixgal alumnado, pc's profesorado Dotación económica específica para edixgal.	Escaso apoio técnico Pouca dotación orzamentaria
	LEXISLACIÓN	Oferta cursos on-line, acceso a aulas virtuais e edixgal	Cambios continuos na lexislación Imposición de realización de proxectos e burocratización
	CONTORNA		
	ANPA	Disponibilidade para a participación en actividades dixitais. Oferta de actividades de informática e robótica.	
	OUTRAS ENTIDADES	Aula informática concello: actividades de robótica. Oferta de formación e recursos de entidades alleas.	Exceso de recursos tanto educativos como non que resulta moi difícil discriminar e perda do foco dos obxectivos educativos.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción está baseado nos recursos materiais e humanos presentes no curso 21/22 e que van ser similares no curso 22/23, sen embargo a evolución destes ao inicio do curso 22/23 pode determinar algunha variación en relación a variación dos recursos dispoñibles que están en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da DAFO anteriormente exposta elaborada en maio de 2022 a partir dos datos dos test SELFIE e CDD realizados elaboramos os obxectivos do Plan de Acción, Os obxectivos están elaborados tendo en conta as áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

A- Liderado

B- Colaboración e redes

C- Infraestruturas e Equipos

D- Desenvolvemento Profesional continuo

E- Pedagogía: Apoio e Recursos

F- Pedagogía: Implementación na aula

G- Prácticas de avaliación

H- Competencias dixitais do alumnado

Consideramos que establecemos uns obxectivos modestos que nun futuro se poden ir aumentando e que moitos deles están baseados en accións que xa levamos a cabo no centro
obxectivo nº1 (A- Liderado) **Establecer un tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.**

obxectivo nº2 (A- Liderado) **Establecer canles de comunicación interna.**

obxectivo nº3 (B- Colaboración e redes, D- Desenvolvemento Profesional continuo) **Mellorar a competencia dixital dentro do claustro.**

obxectivo nº4 (B- Colaboración e redes) **Establecer canles de comunicación entre os diferentes axentes do proceso ensino-aprendizaxe.**

obxectivo nº5 (C- Infraestruturas e Equipos) **Manter todos os equipamentos e as redes actualizados e operativos**

obxectivo nº6 (C- Infraestruturas e Equipos) **Mellora dos repositorios con materiais de ensino aprendizaxe**

obxectivo nº7 (F "Pedagogía: implementación na aula" H: Competencias dixitais do alumnado) **Deseñar e implementar un proxecto interdisciplinar no que se empreguen as TIC.**

obxectivo nº8 (G - Prácticas de avaliación D: Desenvolvemento profesional continuo) **Utilizar tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.**

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital:

Neste aspecto no curso 21/22 realizouse unha actualización de esta tanto a nivel de datos, de voz e de conexión cableadas. Pero si xurde algunha variación está ten que ser tramitada a través da Unidade de Atención a Centros (UAC).

Equipamento:

*a partir do inventario que posuímos no centro é necesaria que a **dotación de todos os equipos informáticos** do centro sexa a subministrada pola **Consellería**, xa que hai moitos ordenadores(fixos e portátiles) que son de adquisición propia, e moitos que temos que están anticuados. Compre ter unha renovación de equipos, a pesar de que a entrada en Edixgal fixo ter un unha maior dotación, tanto para alumnos como para profesorado (15 ordenadores para o profesorado nos curso 20/21 e 21/22).*

Unha renovación imprescindible é a da aula de informática, onde a maioría dos ordenadores son vellos e as pantallas moi anticuadas (de tubo).

Outra das necesidades é a renovación dos proxectores, temos de moi diferentes categorías, marcas, calidades e a maioría son moi antigos. Do mesmo xeito pasa con varios encerados dixitais, temos de diversas procedencias (adquisición propia, editoriais, consellería,...) e algúns son moi antigos. Ademais faltan nalgunha aula como a de informática ou na biblioteca. Imprescindible ter un aula ben equipada con ordenador, proxector e encerado dixital para desenvolver o proxecto plurilingüe (aula 25).

Cadro resumo necesidades

portátiles	10	Renovación de equipos obsoletos para o profesorado
fixos	25	Renovación da aula de informática, 20. A maioría mais de 10 anos. Todos con pantallas de tubo. 3 sala de profesores 2 biblioteca (xestión)
proxectores	7	Renovación das aulas, agotamento dos anteriores. Os Epson enviados pola consellería son moi antigos e están chagando ao fin da súa vida util. Aulas nº 2, nº 7, nº 20, nº 21, nº 22, nº 25, nº 26
Encerados dixitais	5	Completar aulas do edificio principal que non hai. Aulas informática, nº2, nº 7 (anterior a 2010 e non funciona), biblioteca e nº 25

"Área/s de mellora": A - LIDERADO

OBXECTIVO nº1:	Establecer un tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.	Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura estudos	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% do Claustro que dispón dun tempo fixo dentro do horario semanal para traballar (por ciclos e/ou areas) a importancia dos Dereitos de Autor, das Licenzas, dos Recursos Educativos Abertos e do Software Libre.		
Valor de partida	0 0% do claustro		
Valor previsto e data	0 75 % do Claustro explorou e aplicou na aula novas metodoloxías dixitais	Final de curso 22-23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1:Establecer unha hora de reunión onde explorar as novas metodoloxías (nivel/área/ciclo)	Xefatura de estudos	Setembro 2022	Salas de reunión e Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Establecer un foro na AV onde intercambiar as novas metodoloxías.	Coordinador TIC	Setembro 2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Recollida de materiais sobre novas metodoloxías nunha carpeta da AV.	Coordinador TIC	Fin de curso 22-23	Aula virtual		Realizada	

"Área/s de mellora": A - LIDERADO

OBXECTIVO nº2:	Establecer canles de comunicación interna.	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Comunicacións do profesorado entre claustro a través da aula virtual e correo corporativo		
Valor de partida	O profesorado accede a aula virtual e correo corporativo pero non participa nun foro común		
Valor previsto e data	80% do profesorado participou activamente no foro durante o curso.	Final de curso 22-23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1 Creación dun foro específico de comunicación entre o profesorado.	claustro	Setembro 2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2 Comunicar todas novas a través do correo corporativo.	dirección	Durante todo o curso	Correo web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B- COLABORACIÓN E REDES D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

OBXECTIVO nº 3:	Mellorar a competencia dixital dentro do claustro.			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo. Coordinador do PFPP (en colaboración co CFR).			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nivel do profesorado.					
Valor de partida	Nivel do profesorado baseado no Test CDD do curso 21-22. (79 puntos – nivel B1)					
Valor previsto e data	Nivel do profesorado ao rematar o curso académico 22-23 (nivel B2)			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO.3.1. Reunión inicial do claustro e Equipo Directivo para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente.	Equipo Directivo.	Setembro 2022	Espazo para a reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.3.2. Inscripción oficial na liña do PFPP se é necesario.	Equipo Directivo. Coordinador do PFPP.	Outubro 2022	FProfe e formularios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.3,3. Contacto co CFR para buscar relatores que se adecúen ás necesidades detectadas.	Coordinador do PFPP.	Segundo Trimestre 22/23	Directorio do CFR.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO.3.4. Realización do PFPP e valoración final deste ao seu remate co fin de plantexar melloras para o vindeiro curso.	Claustro.	Terceiro Trimestre 22/23	Materiais funxibles. Relatores do CFR. Aplicacións, webs...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.3.5. Realización do Test CDD para comprobar se houbo mellora na competencia dixital do profesorado tras a realización do PFPP.	Claustro.	Xuño 2023	FProfe e Test CDD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B- COLABORACIÓN E REDES						
OBXECTIVO nº 4:	Establecer canles de comunicación entre os diferentes axentes do proceso ensinanza-aprendizaxe.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Equipo TICs e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% de alumnado de 4º a 6º que use os foros. % de familias que usan Abalarmóbil. % do profesorado que use Abalar para as titorías. % do profesorado e familias utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. Valor numérico de publicacións na páxina web.					
Valor de partida	0% do alumnado usa os foros como canle de comunicación. 80% das familias usan Abalarmóbil. 10 % do profesorado usa Abalar para as titorías como método principal. 30% do profesorado e familias utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. 3 publicación por trimestre na páxina web.					
Valor previsto e data	60% do alumnado usan os foros a partir de 4º. 100% das familias usen Abalarmóbil. 50% do profesorado usa Abalar para as titorías como método principal. 80% do profesorado e familias utilizan o e-mail para comunicarse entre eles. Realizar 5 publicacións por trimestre la páxina web.				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear foros na Aula Virtual/Edixgal para os diferentes cursos académicos.	Equipo TIC	Setembro 2022	Aula Virtual Moodle/Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Explicar ao claustro e alumnado o funcionamento e as normas do sistema de mensaxería e o FORO.	Equipo TIC	Setembro 2022	Aula Virtual Moodle/Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.3: Consegur que as familias instalen o AbalarMóbil nos seus teléfonos.	Equipo Directivo.	Outubro 2022	Abalarmóbil aplicación. Páxina web do centro con videotitoriais: como loguearse na app.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Compartir cas familias a información das diferentes titorías a través do AbalarMóbil.	Equipo Directivo.	Ao final de cada trimestre.	Abalarmóbil aplicación. Páxina web do centro con videotitoriais: como acceder á información, notas...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.5: Compartir ca comunidade escolar a información do centro a través da páxina web oficial.	Equipo TIC.	Xuño 2023	Páxina web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.6: Establecer o Abalar entre o profesorado como método de recompilación de información do alumnado para as titorías.	Equipo Directivo.	Outubro 2022	Abalar en distintos formatos: móbil, pro, web...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C Infraestrutura e equipos

OBXECTIVO nº 5 :	Manter todos os equipamentos e as redes actualizados e operativos	Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de equipos do total que posúe o centro en correcto funcionamento		
Valor de partida	80 % dos equipos en correcto funcionamento		
Valor previsto e data	100 % dos equipos en correcto funcionamento	Xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Actualización do inventario dos equipos	Equipo TIC	1º trimestre 22/23	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Establecemento dun foro específico en AV para incidencias	Equipo TIC	Setembro 2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Contratación dun servizo de mantemento e de asistencia do	Equipo TIC	Setembro 2022	Servizo interno: premium – uac. Servizo externo de mantemento.		Realizada	
					Aprazada	

equipamento que non repara a consellería.					Pendente	
A05.4:Establecemento dun calendario de utilización da aula de informática.	Equipo TIC	Setembro 2022	Calendarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C Infraestrutura e equipos

OBXECTIVO nº 6 :	Mellora dos repositorios con materiais de ensinanza aprendizaxe	Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro - equipo TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Coñecemento do repositorio do centro		
Valor de partida	Repositorio da xunta		
Valor previsto e data	Creación de repositorios propios. Utilización ELBE	1º trimestre/ todo curso	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1:Coñecemento do repositorio da xunta e instalación en todos ordenadores da dirección IP	Equipo TIC-profesorado	Setembro 2022	ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Creación de novos contidos ao repositorio	Profesorado	Xuño 2023	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3:Instrucións ao alumnado para a utilización da biblioteca ELBE	Profesorado equipo biblioteca	Xuño 2023	Programa ELBE		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": F "Pedagogía: implementación n aula" H: Competencias dixitais do alumnado

OBXECTIVO nº 7 :	Deseñar e implementar un proxecto interdisciplinar no que se empreguen as TIC.	Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras dos equipos de ciclo.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas que participa no proxecto interdisciplinar.		
Valor de partida	0 aulas participan no proxecto interdisciplinar.		
Valor previsto e data	Todas as aulas participan no proxecto interdisciplinar		Xuño 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Creación do grupo de deseño do proxecto interdisciplinar.	Xefatura de estudos e Coordinadoras dos equipos de ciclo.	Última semana de setembro do curso 22/23	Convocatoria Equipos informáticos. Persoa responsable da xefatura de estudos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Elaboración dunha proposta de proxecto interdisciplinar por equipo de ciclo.	Coordinadoras dos equipos de ciclo	Última semana de novembro do curso 22/23	Equipos informáticos. Persoas coordinadoras dos equipos de ciclo e profesorado dos mesmos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Posta en común das propostas e elección.	Coordinadoras de ciclo	1ª semana decembro do curso 22/23	Creación de formulario en Abalar para escoller o claustro o proxecto Persoa que coordinadora das TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A07.4: Dar a coñecer o proxecto seleccionado e as actividades a levar a cabo a través de email.	Coordinadoras dos equipos de ciclo	Fin 1º trimestre 2022	Equipo informático. Correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.5: Levar a cabo as actividades do proxecto por parte do alumnado	Profesorado Alumnado	Xuño 2023	Equipamento informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G - Prácticas de avaliación D: Desenvolvemento profesional continuo

OBXECTIVO nº 8 :	Utilizar tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.	Acadado
RESPONSABLE:	Profesorado das áreas implicadas. Coordinador TIC/Edixgal.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cursos creados con alumnado matriculado. Emprego de probas de avaliación a través da aula AV. (probas, libro cualificación e rúbrica)	
Valor de partida	Non hai creación de probas empregando as ferramentas da Aula Virtual/Edixgal (probas, libros de cualificación e rúbricas)	
Valor previsto e data	Creación alomenos dunha proba, un libros de cualificación e unha rúbrica por nivel empregando as ferramentas da Aula Virtual/Edixgal	Xuño 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Matrícula do alumnado na AV e/ou Edixgal nos cursos do centro.	Coordinador/a TIC e /ou Edixgal	Setembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3 Formación sobre probas en AV para avaliar ao alumnado: Tipoloxía e bancos de preguntas.	Coordinadora do PFPP/ coordinador/a TIC e CFR	Outubro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.4. Creación de preguntas de diferentes tipoloxías e categorización das mesmas en bancos de preguntas dentro dos cursos.	Profesorado	Novembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A08.5. Creación de probas en entorno Moodle/Edixgal	Profesorado	Decembro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.6. Emprego das ferramentas de avaliación da Aula Virtual na práctica.	Profesorado	Xuño 2023	Moodle e/ou EDixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.7: Emprego de tarefas do libro de cualificacións.	Profesorado	Xuño 2023	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.8: Emprego de rúbricas compartidas en Moodle e/ou creación dun curso con tarefas coas rúbricas base para importar en Edixgal.	Coordinador TIC e/ou Edixgal.	Xuño 2023	AV Moodle e/ou Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivo:

*No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre desde a CCP.*

Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

*No contexto da **avaliación final realizarase** ao final de curso e se recollerá na memoria de fin de curso. Realizarase unha valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora, sobre todo referido a supresión, modificación ou ampliación dos obxectivos e das accións para levalos a cabo.*

5. Difusión do plan

Este plan darase a coñecer a toda comunidade escolar ao mesmo tempo que o resto de plans aprobados polo Consello Escolar do centro a través da páxina web do centro, e sempre de acordo co Plan de Comunicación do Centro.

O presente plan para o curso 22/23 foi aprobado no Consello Escolar celebrado o día 8 de xuño de 2022.